

Comunicado nº 005/22
24 de Xaneiro de 2022



AMPLIACIÓN MEDIDAS DE SEGURIDADE:

A Federación Galega de Automobilismo e TCR Datos Norte, S.L. implementarán dous novos sistemas, cara a reforzar a seguridade na modalidade de rallyes de asfalto na presente tempada 2022 e vindeiras, a partir do 26º Rallye de A Coruña inclusive.

Os vehículos de rescate (R3, R4, R5, e R6) disporán dunha cámara “online” con control remoto que portará o condutor/rescatista para que en Dirección de Carreira poidan ver e valorar de primeira man o acontecido no accidente/incidente axudando deste xeito a tomar as decisións/ordes que estime oportunas o Director de Carreira na base.

Este sistema ven a complementar a cámara “onboard”, que dende a tempada de 2021 porta o vehículo de seguridade da caravana do rallye, que permite velo estado dos treitos en tempo real na oficina de Dirección de Carreira.

Así mesmo tamén se implementará unha novidade pioneira que dende a Dirección de Carreira, o director da proba, se poida dirixir por megafonía ó público presente nos treitos cara a advertir/avisar de situacións perigosas e reforzar a autoridade dos membros dos Comités Organizadores e da nova caravana de seguridade, obrigatoria a partir da tempada 2022, implantada en tódolos rallyes de asfalto do Campionato de Galicia.

